

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO  
DÍA 29 DE MAIO DE 2017 DE NÚM. 7/2017.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG-CCTT).  
D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).  
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).  
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO).

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA :** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **ÍNDICE:**

### **Punto único:**

Plantexamento da cuestión de confianza vinculada á aprobación dos Orzamentos do Concello de Lalín para o ano 2017 e demais acordos complementarios aos mesmos que figuraban na proposta sometida ao Pleno o día 24 de maio de 2017, conforme ao establecido no artigo 197 bis da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, Reguladora do Réxime Electoral Xeral..... Páx. 3.

Sendo as **dez horas do luns, día 29 de maio de 2017**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuíña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación do asunto que conforma a orde do día co seguinte resultado:

**PUNTO ÚNICO.- PLANTEXAMENTO DA CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE LALÍN PARA O ANO 2017 E DEMAIS ACORDOS COMPLEMENTARIOS AOS MESMOS QUE FIGURABAN NA PROPOSTA SOMETIDA AO PLENO O DÍA 24 DE MAIO DE 2017, CONFORME AO ESTABLECIDO NO ARTIGO 197 BIS DA LEI ORGÁNICA 5/1985, DE 19 DE XUÑO, REGULADORA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL.-**

A Presidencia deu conta do plantexamento da Cuestión de Confianza da Alcaldía vinculada á aprobación dos orzamentos do Concello de Lalín para o exercicio 2017 e demais acordos complementarios aos mesmos, que foron rexeitados na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno da Corporación Municipal o día 26 de maio de 2017.

A continuación indicou que se ían cumprir estritamente os tempos de intervención de cada grupo recollidos no *Regulamento de intervencións plenarias do Concello de Lalín*, e solicitou a colaboración e o consenso dos voceiros dos demais grupos, dándolle, de seguido, o turno de palabra ao voceiro do grupo popular, *D. Xosé Crespo Iglesias*.

O *Sr. Xosé Crespo Iglesias*, do PP, comezou indicando que non lle parecía xusto o reparto dos tempos de intervencións recollidos no Regulamento posto que polo Grupo de Goberno, de menor a maior, e dous turnos, primeiro, segundo e conclusións. ían intervir catro veces, unha por voceiro, e o seu grupo, que era o maioritario, tería o mesmo tempo que cada un dos demais.

O *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio*, indicou que posteriormente no segundo turno daríalle máis tempo de cortesía. Habería cinco e tres minutos e conclusións, se así se quería. Debateu de seguido co Sr. Crespo. Quería que estivesen claros os tempos.

Seguiu a falar o voceiro do grupo popular, *D. Xosé Crespo Iglesias*. Bos días a todos. Hoxe fan historia, xa que como nos orzamentos, que fora a primeira vez na historia de Lalín que viñan os orzamentos a Pleno fora de prazo, a metade de ano, hoxe viña a cuestión dos orzamentos nunha cuestión de confianza. Os orzamentos

viñeron fora de prazo e logo pasaba que nos botaba as culpas á oposición ou a motivos estranos. Era a primeira vez que viñan no mes de maio e xustificación que se daba era que a culpa era da oposición. Se continúan así, dificilmente terán a confianza nosa neste Pleno e noutras cousas.

Os intereses do seu grupo estaban por baixo intereses dos lalinenses, pero non aceptaban que se lles botase a culpa desta situación. Coidaba que esta era unha consecuencia da debilidade do goberno, formado por catro grupos moi diferentes, con desavenencias internas; non había que botar as culpas aos demais e a culpa de que non se aprobasen non era do PP, como pretendían facer crer.

Sinalou que o grupo de goberno tivo a oportunidade de pactar os orzamentos co seu grupo e desaproveitárona. As consecuencias íanas pagar os veciños. Non era súa a culpa.

O goberno facía auga por todas partes. Continuaban coa súa política como plañideiras e enganaban á xente; xogan con trampa e ademais dicindo que son vítimas. Non se pode toma o pelo para negociar. Debían negociar realmente e non tomar o pelo.

O resultado é o que vemos hoxe. Houbo unha oportunidade única de pactar os orzamentos. Reiterou que llos entregaron catro meses despois da data que inicialmente lles dixeran. Elo amosaba xa por si unha xestión mala, non regular.

Meteron a liquidación 2016 no orzamento feito, e nela había máis de 1.500.000 euros, bastante máis de 1.500.000 de euros, sen gastar, en emprego, en comercio e noutros temas, como o fútbol co mantemento campo herba sintética, nin sequera. Eles cometeron un erro, faltoulles o mantemento desta última instalación. Hoxe este tema segue a ser desastroso. Non se fixo nada sobre o que proxectamos nos.

Indicou que exercían un goberno baseado no populismo extremo. Viven inmersos nas redes sociais e cunha actitude de prepotencia cara á oposición e de ocorrencias. Non ían apoiar a cuestión confianza,

Manifestou que o inimigo de Lalín non era o PP; o inimigo son os escándalos que dende o goberno provocaban coas súas actitudes. E a primeira vez que se presentaba en Lalín á Cuestión de Confianza.

Por CxG-CCTT, **D. Teresa Varela Fisteus**, comenzou dicindo que o que se estaba tratando na sesión era a Cuestión de Confianza da Alcaldía vinculada á aprobación dos orzamentos. Ese era o tema principal, a aprobación dos orzamentos para o ano 2017. Manifestou ao grupo popular o seu desexo de que explicase aos veciños por que non aprobaban os orzamentos para satisfacer as súas necesidades. Cria que o grupo popular buscaba o bloqueo do goberno e poñían atrancos para despois poder dicir que non facían cousas.

A cuestión importante era o orzamento. Este non foi posible tramitalo con anterioridade xa que se ditou unha Instrución en agosto de 2016 e houbo que adaptarse a ela. Logo houbo que esperar para dispoñer de 800.000 € e finalmente esperar pola liquidación do orzamento.

Non atuaban como plañideiras, tal e como afirmaba a oposición. Non houbo trampas pola súa parte na entrega dos documentos do orzamento. Houbo vontade de negociar. Indicou que, se houbo inexecucións no orzamento do exercicio anterior, estas se deberon a cuestións herdadas do goberno do PP, como foi o caso da Rolda Leste ou o do párking.

Criticou que o dende o PP insinuasen que o borrador que se lles entregou non se correspondía co documento que levaron a Pleno. Indicou que foi o mesmo documento e que o único que non se incorporou foi a regularización catastral por problemas técnicos.

O orzamento presentábase cadrado e nel incorporábanse os acordos adoptados polo Pleno que eran executivos. Había informes técnicos ao respecto.

Pedíulles que reflexionasen sobre o que ía pasar co DUSI, se non se aprobaban os orzamentos, cun investimento en xogo de seis millóns douscentos mil euros.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Nicolás González Casares** comezou a súa intervención dicindo que non vía ningunha anomalía por debater e aprobar os orzamentos a través da Cuestión de Confianza. Indicou que o importante era o orzamento e a súa aprobación.

Sinalou que o goberno estaba formado por catro forzas distintas con distintas sensibilidades, pero cunha única folla de ruta, que era a do cambio en Lalín. Sen embargo, a oposición non saíra das urnas, xa que ao grupo popular se lle sumara o concelleiro “tránsfuga”.

Mentres mantiveron a maioría, no anterior exercicio, foron o primeiro Concello de Galicia en traer os orzamentos a Pleno. *¿Que mudou agora?*, Pois que agora estaban nesta situación por unha anomalía política; os “tránsfugas” non poden decidir un cambio de goberno co seu voto, polo que, matematicamente, era imposible que prosperase unha posible moción de censura.

Indicou que unha parte dos orzamentos presentados corrían erros do pasado cometidos polo goberno do PP, coma era o caso dos grandes investimentos coas hipotecas que supuxeron. Sabían que gobernar non ía ser un camiño de rosas, pero seguirían coa súa folla de ruta para consolidar o cambio.

Entendía que a cuestión de confianza non ía só sobre o Alcalde, senón sobre o goberno municipal, que el e o seu grupo formaban parte e apoiaban a súa xestión. Manifestou o apoio do seu grupo Ao mesmo para poder sacar adiante os orzamentos e manter a folla de ruta que tiñan marcada.

En relación coas verbas da oposición sobre a xestión do goberno, quixo destacar que a les tampouco lles gustaba como facían o seu labor de oposición ao goberno.

Pediulle ao PP altura de miras, indicando que a crítica era lexítima, pero lles pediu que se votaban en contra da Cuestión de Confianza, non tardasen en presentar a moción de censura e, propúxolles que, se a perdían ou a ganaban, se fose para súa a casa o que non ganase.

Pola APAC, **D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Peña**, comezou dicindo que ela se sentía orgullosa de facer historia. Había dous anos que Lalín tiña un goberno alternativo e de cambio fronte ao goberno caciquil e de dereitas do PP de máis de vinte e cinco anos. Indicou que no fondo tamén se trataba dun debate ideolóxico e que a movía o orgullo do cambio, non só en Lalín, senón tamén en toda España. Un cambio que comezou polos municipios. Indicou que a alternativa ao goberno actual non lle gustaba.

Salientou que eles, como goberno, cumprían e estaban do lado da cidadanía, mentres que o PP tiña unha rede clientelar e fixo unha xestión nefasta. Manifestou a súa preocupación se nalgún momento puideran recibir eloxios do PP.

Rematou dicindo que daría o seu voto positivo á Cuestión de Confianza da Alcaldía.

Polo BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**, sinalou que o que para o PP era un problema, o cambio, para o goberno era unha virtude, un xeito de cambiar as dinámicas de goberno.

Indicou que o PP estaba amparándose nun instrumento concibido e previsto na lei para sacar adiante os proxectos e ter a capacidade de gobernar. Salientou que o PP

mentía ao dicir que o goberno non quixo pactar os orzamentos. Quixeron pactalos e por iso tardaron tanto en traelos, porque quixeron agardar por eles e negociar os investimentos. Por isto eran uns irresponsables.

O goberno perdeu a maioría absoluta, pero a oposición non tiña capacidade de cambialo, pola lei antitransfugismo. Indicou que a quen lle era de aplicación esa lei era ao dito edil, porque era un tráfuga.

Criticou que o grupo popular sabía perfectamente que se non apoiaban a Cuestión de Confianza, o único que ían conseguir era demorar un mes e medio máis a aprobación dos orzamentos. Sabían perfectamente que non tiña posibilidade de prosperar a moción de censura. Sería distinto se tivesen capacidade para mudar o goberno, pero, non sendo así, pediu que non puxeran en perigo os investimentos para os veciños ou os fondos europeos. Demandoulles reflexión á oposición. Finalmente adiantou o seu voto favorable á Cuestión de Confianza da Alcaldía.

O concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** comezou dicindo que o grupo de goberno estaba unido polo rencor, as traizóns e o ánimo de vinganza. Indicou que sabía que había xente do grupo de goberno que quixera marchar, pero que non se atrevían. El podía ser tráfuga, pero era un tráfuga ético. Cumpría coa xente que lle dou a súa confianza e co prometido. Loitou moito e non fixo dano. Indicou que non tiña falado con ninguén da moción de censura. Non lle gustaban as formas que usaba o Alcalde e como exemplo puxo o asunto das sinaturas falsas do Corpiño, o tema de Plantadeza e os whatsapp de *Rueda*. Sinalou que o goberno era un ni de cómplices que se inmolaban por *Cuíña*. Mesmo quixo levalo a el persoalmente ao xulgado

Manifestou que moita xente se poñía en contacto con el para contarlle cousas e despois pedíanlle que non os delatase, porque hoxe había medo na xente para que non se delate, o que era unha aberración.

Reiterou que el era un tráfuga ético. A súa vontade non se comprou.

Sobre o tema do espionaxe preguntouse se era falso, ou mesmo se tamén o eran outras cuestións.

Lembrou que non se resolveron cuestións básicas municipais co actual goberno e a recordou expulsión do Pleno, segundo el, foi arbitraria.

Criticou que o Alcalde non aprendera nada da política nin da súa familia, e que por imposición non se facían as cousas. Dixo que o Sr. Alcalde viña do mundo da empresa privada e tiña unha forma de ser autoritaria, pero que el non era un dos seus traballadores e o Concello non podía pagar a súa campaña electoral dous anos antes de que comezase. Rematou manifestando o seu voto en contra.

De seguido entrevistou o voceiro do grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, cualificando como trampa saducea o sistema de intervencións. Volveu insistir en que o goberno actuaba como un grupo, pero logo en realidade tiña catro turnos e o PP só un.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, preguntou ao *Sr. Secretario* se era irregular e contrario ao Regulamento o que estaban a facer cos turnos de intervencións, ao que o *Sr. Secretario* respondeu que non, xa que o regulamento falaba de intervencións dos grupos. De seguido o *Sr. Alcalde* pediulle ao *Sr. Crespo* que se ceñise aos tempos.

Comezou a segunda rolda de intervencións o **Sr. Xosé Crespo Iglesias** sinalando que o grupo de goberno vivira ata o de agora unha etapa feliz, xa que

conseguiran quitar ao PP do goberno; pero agora descubriron que había que xestionar e aí xurdían os problemas. No grupo de goberno había catro grupos movidos polo interese de manter o cuatripartito, pero se levaban regular, poñendo como exemplo a marcha de Juan Cruz e a negativa da APAC a conceder a dedicación exclusiva ao Sr. *Vilariño*.

Sinalou que dende o grupo popular tiñan que facer oposición, xa que ese era o mandato electoral, pero que o facían con dignidade. En 25 anos que estivo de Alcalde a oposición nunca lle votou a favor os orzamentos e non podían pretender agora que eles o fixeran cando non estaban de acordo.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicoulle ao voceiro popular que o seu turno de palabra rematará. De seguido de novo houbo un pequeno debate entre os dous en relación aos tempos de intervención.

Dende CxG-CCTT, **Dª. Teresa Varela Fisteus**, volveu insistir en que no fondo do asunto estaba a aprobación dos orzamentos e afirmou que o grupo popular non interviu na súa elaboración porque non quixo, xa que non lles puxeron límites na negociación. Criticou que eran conscientes de que non lles daban os números para gañar a moción de censura e que o único que pretendían era non aprobalos para paralizar o pobo.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Nicolás González Casares** afirmou que el estivera presente na reunión que houbo para negociar os orzamentos e o grupo popular non quixo pactar. Sinalou que isto era lexítimo, pero que dende o grupo de goberno lles ofreceron realmente ese pacto para cuestións coma o DUSI, as pistas, etc.

Na súa opinión, o grupo popular tiña dúas opcións: ou manter unha estratexia de dilación ou ben unha estratexia posibilista, porque non tiñan maioría para gañar a moción de censura.

Recordou que o grupo de goberno estaba paliando cuestións que viñan herdadas do pasado como era o tema do persoal con máis de cincuenta traballadores para declaralos como indefinidos pola Inspección de Traballo, a Rolda Leste ou o parking. Finalmente apelou á responsabilidade da oposición para non demorar máis a aprobación dos orzamentos.

Pola APAC, **Dª Lara Rodríguez Peña** sinalou que do que se trataba era dunha cuestión de responsabilidade. Lamentou que chegaran a ese punto para poder aprobar os orzamentos. Eran un goberno unido polo mesmo afán: o cambio. Eran a alternativa ao que había e querían gobernar para a cidadanía.

Pediu responsabilidade e indicou que lle parecía lamentable escoitar no Pleno certos argumentos e asistir aos espectáculos noxentos que se formaban ás veces, coma na sesión anterior, na que se criticou, pero na que non se presentou alternativa ningunha aos orzamentos presentados polo grupo de goberno.

Rematou dicindo que pedía dignidade e responsabilidade pensando na cidadanía.

Polo BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** sinalou que a oposición tiña a oportunidade de amosar as súas diferenzas co goberno. Agora botando abaixo os orzamentos só ían conseguir demorar 45 días a súa aprobación. Recordou que non quixeron negociar e indicou que o orzamento presentado era o de maior importe dende o ano 2012.

Recordou que non se trataba dunha cuestión do Alcalde senón do goberno, e que

recorreron a este procedemento por responsabilidade. Estaba en xogo o DUSI, a antigüidade dos traballadores e había operacións de crédito sen executar obras.

Sobre as verbas da oposición, rexeitou que os membros do grupo de goberno se puxeran como vítimas, e que actuasen como plañideiras. Non tiñan tanta jeta.

Indicou que, pola súa banda, el non tiña problema e podían “*poñer o marcador a cero*” para empezar a negociar.

Non había posibilidade de que prosperase a moción de censura, porque facían falta doce edís.

Pediou a abstención da oposición para propiciar, como mínimo, que o Concello tivera orzamentos.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** concluíu dicindo que o feito de que o Alcalde falase de cortesía era deprimente. Que lle constaba que mesmo recortara a un veciño dunha foto, o que amosaba que, quen non ía polo seu rego cortábao. Acusou ao Alcalde de estigmatizalo e indicou que el non podía soportar iso. Marchou do goberno porque non podía seguir así e recordoulle unha serie de cuestións como era que se debía pedir perdón á familia *Agulló*, a perda da UNED, que se aprobaran cousas en Pleno que logo non se aplicaban no día a día e que el non dispuxera de teléfono, nin de *internet*, nin de impresora e nin de fotocopiadora para realizar a súa tarefa como concelleiro. Reiterou que as asignacións aos grupos políticos eran ilegais e que con diñeiro municipal se compraban vontades. El era un tráfuga, pero ético.

Unha vez rematadas as dúas roldas de intervencións, tomou a palabra o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicando que quería pactar o turno de conclusións.

O **Sr. Xosé Crespo Iglesias** preguntou se as intervencións dos grupos se facían de menor a maior representatividade ou ao revés.

Interviu o **Sr. Secretario** para indicar que o Regulamento de intervencións non se cumpría habitualmente, pero que recollía que no mesmo se recollían que no mesmo se farían de menor a maior, aínda que estaban facendo ao revés desde que se iniciou a sesión.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, recriminou ao **Sr. Crespo Iglesias** que levaban intervindo os voceiros de maior a menor representatividade e que agora quería cambiar o sistema, para rematar interviniendo el. Dixo que iso non era serio e non podía pretender nese momento cambiar a orde de intervencións. Indicou que habería cinco minutos para conclusións e un minuto de cortesía.

Comezou entón o **D. Xosé Crespo Iglesias** coas súas conclusións indicando que o grupo de goberno non estaba á altura das circunstancias. Os orzamentos chegaban mal, tarde e a rastras. Os primeiros non estaban cotexados tecnicamente e por iso non cumprían coa regra de gasto.

Recriminou que dixeran que a reparación de pistas non fora adxudicada por culpa do PP, pero non era certo. Perdeuse un mes que resultou importante para a súa adxudicación. Criticaban cousas feitas polo PP coma o Concello novo, o Pazo de Liñares, o Lalín Arena, pero agora presumían deles e facían anuncios.

Sostivo que eran un goberno que estaba instalado na mentira e que tiñan a Lalín



sometido aos egos que había dentro do grupo.

Criticou que no orzamento presentado había partidas que estaban blindadas e outras que sabían que ían ter que suplementar, como as de festexos. O PP tería que apoiar esas modificacións de crédito, porque sabían que ían ser necesarias; pero as partidas que a eles lles conviña manexar deixábanas totalmente blindadas.

Recordou que dende o seu grupo nunca se falou de moción de censura. Había un ano falar de moción de censura era unha utopía; pero hoxe a situación mudara, aínda que el non tiña pactado nada con *D. Juan José Cruz García*. Se tivera esa intención podía ter pactado co concelleiro non adscrito que se quedase no goberno e presentar unha moción de censura para que por sorpresa el a apoiara.

Sinalou que o PP deixou as contas do Concello saneadas porque xestionou ben, aínda que eles criticaran todo e agora presumían de boa xestión. Coidaba que levaban dous anos de involución e de paralización da actividade municipal. Todo foi mal nesa folla de ruta do goberno. *¿Algunha cousa foi ben?*, preguntou.

Rematou dicindo ao Sr. Alcalde que non confiaban nel e que ían votar en contra porque eran só un goberno de catro amigos que se adicaban a darse laudos.

Por CxG-CCTT, **D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus** iniciou as súas conclusións indicando que o borrador do orzamento fora elaborado pola *Sra. Interventora*, quen acudiu á reunión á que convocaron á oposición para pactalo.

O que pretendían dende o grupo de goberno era sacar os orzamentos adiante polo ben de Lalín, e por iso solicitaron un informe ao *Sr. Secretario* sobre que acordos adoptados polo Plano eran executivos, para poder incorporalos.

Eles tiñan unha nova forma de facer política e consideraba que a oposición tamén debía facelo así.

Rematou dicindo que en dous anos habería de novo eleccións e nese momento a oposición ía ter que explicar á cidadanía os atrancos que lle estaban a poñer ao goberno e desgastalo.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Nicolás González Casares** concluíu sostendo que o PP non buscaba pactar os orzamentos. O que plantexaban era unha estratexia de inacción e de chantaxe. Retounos a presentar a moción de censura canto antes, se non apoiaban os orzamentos. Propúxolles de novo que, se a perdían, marchasen para a casa; “ou eles ou nós”, dixo. Sinalou que o grupo popular estaba perdendo a oportunidade de amosar que eran un grupo responsable e distanciados do edil tráfuga.

Rematou lendo unha frase do libro “El Principito” (*obra de Antoine de Saint-Exupéry*) que di literalmente: “*Terei que soportar dúas ou tres orugas, se quero coñecer ás volvoretas*”.

Pola APAC, **D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Peña** sinalou que a cabreaba a falta de coherencia do PP. Dicían que no grupo de goberno os seus membros tiñan moitas diferencias, pero ao mesmo tempo criticaban que se desen laudos. Sinalou que o feito de que existan diferenzas dentro do grupo de goberno era produtivo, porque cada forza era diferente, pero sempre solventaban esas diferenzas polo ben da cidadanía. Xestionaban dende a esquerda e confiaba en *Rafael Cuiña* e no cambio. Por alusións a este tema, salientou que a política do PP non era nin tan sequera de “despotismo ilustrado”, porque moitas das cousas que fixeran non eran para o pobo, coma foi no caso de edificio do Concello, xa que o pobo de Lalín non precisaba esta Casa do Concello; outras foron mera especulación.

Polo BNG, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** recordoulle ao PP que en Pontevedra o goberno puido aprobar o orzamento coa abstención da oposición. Indicou que os edís do PP tiñan na súa man unha a oportunidade de deixar de ser unha arma de destrución masiva dos intereses de Lalín e facer unha oposición responsable.

Confirmou que cando estaban na oposición nunca votaron a favor dos orzamentos presentados polo PP, pero engadiu que nunha circunstancia coma esta si que o farían. Eles nunca farían nin o edificio do Concello actual nin o Lalín Arena; pero que unha vez que estaba feito tiñan a responsabilidade de poñer en valor o que había. Recordou que só a Casa do Concello custou case o mesmo en euros que o importe do orzamento que agora estaban botando abaixo.

Manifestou que no grupo de goberno tiña amigos; formaban parte del outras persoas que probablemente ao rematar esta etapa simplemente saudaría pola rúa; pero agora, sinalou que estaban aquí para facer política.

Coidaba que non se chegaría a unha moción de censura, porque legalmente non puidera prosperar.

Pediú ao PP que fixeran un acto de responsabilidade e criticou que tivesen unha estratexia de dilación. Dende o goberno xa podían ter presentados os orzamentos antes, pero quixeron esperar por eles e negociar. O único que estaban a conseguir coa súa actitude de pacto entre vostede era prexudicar aos veciños tirando abaixo estes orzamentos que se negaron a consensuar.

O concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** concluíu dicindo que non era súa a culpa que o goberno non dera gastado os cartos dos anos 2015 e 2016. Sostivo que, no seu día, o que fixeron os membros do goberno foi impoñer e non negociar as carteiras do goberno e que lle constaba que daquela había persoas no goberno que manifestaran o seu descontento.

Sinalou que neste momento o Concello tiña estabilidade económica e cumpríanse as leis, pero non había diálogo co concelleiro non adscrito.

Criticou que dende o goberno se lle vetasen nos medios de prensa e acusou ao Sr. Alcalde de ser "*un tráfuga dentro Concello*".

Indicou que estaba aberto ao diálogo, pero recordou que non se aprobou ou se executou ningunha proposta presentada por el no Pleno e que non consultaron con el cuestións importantes coma o DUSI.

Recriminou que unha concelleira se operou e desde o goberno aproveitaron a súa convalecencia para convocar o Pleno a traizón.

Dirixiuse á Concelleira de Medio Ambiente, **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés**, para indicarlle que en relación ao tema tratado na sesión anterior, a fonte da Casa da Xuventude, e a súa titularidade, tiña certa documentación e que ía traela ao Pleno e que "*a ía estampar diante das narices da edil*". A obra había que facela.

Diante destas verbas tanto a Sra. Concelleira, **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés**, como o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** e o Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** lle recriminaron estas verbas.

Seguiu a falar **D. Juan José Cruz García** coa desconfianza no tema das multas de tráfico impostas a algunhas persoas e coidaba que non se sancionaba ás amistades. Doutra banda entendía que o grupo de goberno vetaba aos técnicos e á prensa. Dixo ter evidencias e probas.

Criticou a actuación do Sr. Alcalde en relación coa situación actual en Venezuela. Dunha banda o BNG estaba calado, e doutra, o Sr. Alcalde ven dicindo dende hai tempo que estaba cerca do BNG. El non estaba de acordo con isto. Pediu ao Alcalde que explicase isto á xente. El desde logo non quería ir ao BNG.

Sostivo que o goberno actual xeraba desconfianza na xente, non ofrecía diálogo e acudía bastante á prensa. Dixo que o Sr. Alcalde era un tráfuga, porque non cumpría o prometido. El estaba aberto ao diálogo; considerábase a si mesmo un tráfuga que cumpría.

Sostivo que non se executou unha soa cousa do concelleiro non adscrito e advertiulle que tivera coidado, xa que podía haber outra cuestión de confianza de aquí a decembro. Isto reiterouno máis tarde. Repetiu que se convocou a traizón o Pleno cunha unha señora que se operou e veu á sesión. Actuouse a traizón desde o goberno. Era certo que o goberno lle entregou en man a documentación en decembro, pero do DUSI ninguén negociou con el; simplemente impoñían o tema.

Non daban gastado os cartos que se orzaron; en cambio si había cartos para outros temas, como era o caso do edil delegado no tema da piscina vella.

Coidaba que o tiñan vetado nas redes sociais.

A verdade era que este goberno carecía de ideas. Os cartos eran para os amigos, como pasaba coa familia *Calvo Ulloa*. ¿Minto?, “Dígoo diante do xuíz”. O Alcalde difamou a *Florentino*, e agora encargáballe un traxe!. Pediu que apague os lumes que tiña acendidos. Había outras formas de gobernar Lalín, como eran coas modificacións de créditos.

Finalmente tomou a palabra o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**. Comezou a súa exposición, “dándolle ánimos” tras escoitar ao edil non adscrito. Desexáballe o mellor a nivel persoal, pero non sabía como cualificalo politicamente. Continuou dicindo que para el a Cuestión de Confianza era un trámite e mesmo un paripé, e algo de política sabía para dicilo. Coa actitude da oposición queríanse obviar as posibilidades dos veciños.

Manifestou o seu respecto polo PP, porque representaba a miles de veciños. Tiñan o seu respecto; feito que non sucedía co concelleiro non adscrito.

Dirixiuse persoalmente ao *Sr. Crespo Iglesias*. Sinalou que moitas veces a actitude dos dous nos Plenos parecía máis ben unha pelexa de galos. Apelou á súa antiga amizade e pediulle desculpas polo que, no persoal, lle parecese mal. Nunca dixo ningunha barrabasa de el. Pediulle modestas desculpas. Quería abrir vías de diálogo e de corazón. Non esperaba dificultades para tramitar os fondos europeos, que eran importantísimos, polo futuro e polo ben dos veciños, como era o caso dos fondos DUSI.

Manifestou o seu orgullo persoal por esta e por outras cuestións, como era que por primeira vez neste Concello houbera liberdade sindical real ou que se elixiran democraticamente os Alcaldes de Barrio, aínda que non tiña nada contra os anteriores. Manifestou que el votaría a favor do PP nunha hipotética Cuestión de Confianza vinculada á aprobación dos orzamentos nunha situación similar. Sentíase identificado co PNV que votou a favor en Madrid; esta era unha boa noticia.

Doutro xeito había que dicir que este goberno tiña un record en políticas sociais despregadas en Lalín.

Da situación actual, os afectados serían os veciños de Lalín. Pediulle á oposición un xesto cos veciños: a abstención neste tema; algo construtivo.

Finalmente dirixiuse de novo ao *Sr. Crespo Iglesias* para indicarlle que tiña as portas do seu despacho abertas para falar cando el quixera e polo ben de Lalín; e esperaba

que o Sr. Crespo Iglesias tamén as tivera para el. Apelou de novo á súa anterior amizade co Sr. Crespo Iglesias e manifestou a súa vontade de que, unha vez que remate esta etapa política na vida dos dous, e aproveitando a súa veciñanza, puideran retomar esa amizade e pasear xuntos. De seguido indicou que se daba paso á votación. Considerou intolerable o xeito de dirixirse con esas verbas do edil non adscrito á edil D<sup>a</sup>. Celia Alonso; algo imperdoable.

Rematadas as intervencións o Sr. Secretario indicou que segundo o disposto no apartado 2 do artigo 197 bis da *Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral*, a votación debía realizarse mediante o sistema nominal de chamamento público. Para elo, indicou que ía realizar o chamamento dos concelleiros e concelleiras por orde alfabética, nomeando ao Sr. Alcalde en último lugar.

De seguido procedeu a dar lectura á parte dispositiva da proposta presentada pola Alcaldía, de data 24 de maio de 2017, do seguinte tenor:

*“Que o Pleno me conceda a confianza para seguir no cargo de Alcalde-Presidente desta corporación e ó meu grupo de goberno, vinculada á aprobación dos Orzamentos anuais e demais acordos complementarios dos mesmos, que figuraban na memoria-proposta de alcaldía sometida ao Pleno o 24 de maio de 2017. Quedando aprobados inicialmente os mesmos no caso de que lle sexa concedida a confianza. Proseguir cos trámites previstos na normativa vixente.”*

Sometida a votación nominal a Cuestión de Confianza da Alcaldía, tivo lugar o seguinte resultado:

<b>¿Manifesta o seu apoio á Cuestión de Confianza plantexada polo Sr. Alcalde vinculada á aprobación dos orzamentos para o exercicio 2017?</b>	
D <sup>a</sup> . CELIA ALONSO CARAMÉS (PSdeG-PSOE).	SI
D <sup>a</sup> . MARÍA ÁLVAREZ PAZ (PP).	NON
D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP).	NON
D. JUAN JOSÉ CRUZ GRACÍA (Concelleiro non adscrito).	NON
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (PP).	NON
D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).	SI
D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).	SI
D <sup>a</sup> . RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ (PP).	NON
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO (CxG-CCTT).	SI
D <sup>a</sup> . EVA M <sup>a</sup> MONTOTO MÉNDEZ (PP).	NON
D <sup>a</sup> . MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (PP).	NON
D <sup>a</sup> . KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL (CxG-CCTT).	SI
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (PP).	NON
D <sup>a</sup> . LARA RODRÍGUEZ PEÑA (APAC).	SI

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (PP).	NON
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> JOSÉ SENANDE MÉIJOME (PP).	NON
D <sup>a</sup> . TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).	SI
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (PP).	NON
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO (CxG-CCTT).	SI
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (BNG)	SI
D. RAFAEL CUIÑA APARICIO (CxG-CCTT).	SI

O resultado da votación foi o seguinte:

*Votos a favor: dez (10).*

*Votos en contra: once (11).*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, por **MAIORÍA ABSOLUTA dos asistentes, REXEITOUSE a Cuestión de Confianza da Alcaldía vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para o exercizo 2017.**

De seguido o Sr. Secretario recordou que non aprobada a Cuestión de Confianza, e segundo o disposto no artigo 197. bis 5) da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral:

*“A previsión contida número anterior non será de aplicación cando a cuestión de confianza se vincule á aprobación ou modificación dos orzamento anuais. Neste caso, entenderase outorgada a confianza e aprobado o proxecto si no prazo dun mes desde que se votase o rexeitamento da cuestión de confianza non se presenta unha moción de censura con candidato alterativo a Alcalde, ou si esta non prospera”.*

E, sendo as once horas e trinta e oito minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Alcalde levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.  
Rafael Cuiña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.  
César López Arribas